

GALEGO

LOLO ANDA EN BICICLETA

Cando tiña seis anos, Lolo fixo unha cousa que desgustou moito aos seus pais. Unha mañá de verán, porque quería ser bo, ergueuse cedo, meteuse na cociña e púxose a preparar o almorzo. Como aínda era moi pequeno e sabía pouco, colleu unha pota e foi botando dentro dela azucre, fariña, marmelada, macarróns, chocolate, leite, azafrán e sal. Despois púxose a remexer todo aquilo ata que chegaron os seus pais, que levaron un desgusto enorme pola desfeita.



Como consecuencia do desgusto, aquel ano, ao pobre Lolo, en vez da bicicleta que pedira, os Reis botáronlle carbóns. O da bicicleta era unha vella ilusión. Lolo non entendía como o seu pai, que tiña unha bicicleta magnífica, andaba tan mal e caía tantas veces. En menos dunha semana rachara tres pantalóns e pillara a unha señora. Noutra ocasión entrara sen querer nunha farmacia e tirara patas arriba ao boticario.

Desde entón, ao pai de Lolo chamábanlle «Burra vella», «Ganso» e «Avión de combate». Moitos veciños, cando o vían chegar na bicicleta, metíanse nos portais e pedían socorro.

Lolo quería ter unha bicicleta para andar polo medio da rúa facendo chulerías, é dicir, soltando as mans e dando saltos. A verdade é que Lolo xa probara en segredo a bicicleta do seu pai no garaxe. Puxérase por riba dela, arrimado a unha parede para non caer, e facía ruído coa boca, como se estivese guiando. Pero un día decidiu soltarse. Meteu a perna por debaixo da barra e arrincou.



Carlos casares

Que desfeita fixo Lolo na cociña?

Mete na pota os mesmos ingredientes que Lolo.

azucres	fariña
marmelada	leite
chocolate	café
macarróns	sal
azafrán	anís



Cales destas afirmacións son falsas:

Os Reis botáronlle unha bicicleta.

O pai de Lolo era un desastre coa bicicleta.

Lolo quería unha bicicleta para pasear.

Lolo xa andara nunha bicicleta.

Ordena as imaxes.



--	--	--	--